

## Galicia-Hoxe

# China prohibirá os "teleadiviños" e outras estafas televisivas

**11.08.2007** O Ministerio de Información lanza unha campaña contra os "programas interactivos" que intentan roubarlles diñeiro ás audiencias

**EFE**

O Ministerio de Información chinés lanzou unha campaña contra os "programas interactivos" en radio e televisión que lles intentan estafar diñeiro ás audiencias, entre eles adiviños, horóscopos e xogos de azar, informou onte a axencia estatal Xinhua. Segundo a campaña, eliminaranse este tipo de programas, que "enganan os espectadores e os obrigan a pagar custosos servizos".

Este tipo de programas, así como anuncios que piden á xente que mande mensaxes vía móbil para baixarse cancións ou imaxes, convertéronse nunha das principais fontes de ingresos das televisións de China, onde hai centenaes de canles locais e provinciais e a loita polas audiencias é cada día maior. Os televidentes queixáronse ás autoridades de que moitos dos servizos de adiviñación e outros similares que se ofertan na televisión son fraudulentos: moitos deles son gravacións, ou manteñen ó que chama un longo intre en espera antes de atendelo, co fin de aumentar os custos da chamada.

Ante estas queixas, o Ministerio de Información ordenoulles ós operadores de telecomunicacións chineses que investiguen as empresas que ofrecen servizos por radio e televisión e ofrezan os resultados das súas pescudas antes do 31 de agosto.

## TEXTO 2

# Galicia-Hoxe

## Só o 10% das mulleres se atreve con profesións tipicamente masculinas

**04.09.2007** Construción, minería e pesca case non teñen presenza feminina que, pola contra, ocupa un 40 e un 60% dos postos relativos ó ensino, sector servizos e profesións liberais na rama das ciencias sociais

**REDACCIÓN . SANTIAGO**

A presenza feminina no mercado laboral segue estando asociada ós sectores relacionados co traballo doméstico e cos coidados, ademais de con profesións vinculadas á educación, á sanidade, ós servizos e ás administracións, segundo se recolle no *Estudo sobre a situación sociolaboral da muller en Galicia*, elaborado polo Consello Galego de Relacións Laborais.

Un dos datos máis rechamantes é que as ocupacións que engloban a 232.607 dos traballadores de Galicia, o 22,9%, só contan cun 5,2% de presenza feminina, segundo datos do IGE correspondentes ó 31 de decembro de 2005. O organismo dependente da Consellería de Traballo apunta que segue a tendencia histórica de adscribir as mullers a ocupacións vinculadas coa esfera doméstica e co coidado, que se fixeron extensivas ós sectores que foron ocupando no mercado laboral.

### **A ocupación desvalorízase e infravalórase**

O informe afirma que os datos avalan que, cando unha dona se introduce masivamente nunha área laboral, esta tende a desvalorizarse e a infravalorarse tanto económica como socialmente.

As profesións con menos do 10% de cota feminina son aquelas propias da construción, mecánica, minería, seguridade, conducción, ferrería, fontanería e pesca, e o Consello Galego de Relacións Laborais ten claro que dificilmente garanten a inclusión das mulleres.

Pola contra, as que si teñen presenza feminina, entre un 40 e un 60%, son as relativas ó ensino, sanidade, sector servizos, administracións a niveis medios ou profesións liberais na rama de ciencias sociais.

Na mesma liña, as profesións nas que o 60% da presenza é da muller son os servizos de coidado, humanidades, administración, servizos, téxtil, estética e hostalería.

## AS CLAVES

### **Un plan para a inserción**

Para garantir a mellora da situación das donas no mercado laboral galego, a Consellería de Traballo impulsa o programa *Muller porque si*, que ten como obxectivo conseguir que as mulleres desempregadas se interesen por ocupacións desempeñadas normalmente por homes e que logren instalarse nelas.

### **Accións contra a discriminación**

A Dirección Xeral de Relacións Laborais desenvolverá a partir do último trimestre do ano accións formativas para que os inspectores de traballo detecten e erradiquen as condutas de discriminación laboral contras as mulleres, como actuacións de impedimento para o a